

BASES DO I CONCURSO DE RELATO BREVE DE TERROR EN GALEGO

Participantes

Poderán presentar os seus traballos as persoas maiores de 14 anos.

Criterios de valoración

- Capacidade para crear unha atmósfera de medo ou terror no relato co fin de sobrecolleer ao lector
- Orixinalidade da temática e do emprego de técnicas e figuras literarias
- Uso correcto da gramática e da ortografía

Condicións de presentación das obras

Cada participante poderá presentar un único relato. Este deberá ser orixinal e inédito, non habéndose reproducido ou difundido previamente en ningún tipo de soporte ou medio (publicacións escritas, páxinas web, redes sociais, etc.)

A extensión máxima admitida é de tres páxinas escritas a ordenador con fonte Arial de tamaño 11 e interliñado de 1,5.

Os traballos deberán depositarse no buzón habilitado no mostrador de préstamo do andar baixo da Biblioteca. O relato presentarse sen asinar e cun pseudónimo, e se introducirá nun sobre pechado. No exterior do mesmo o participante deberá escribir "I Concurso de Relato Breve de Terror + o pseudónimo" e no seu interior, ademáis da obra, incluírá outro sobre pechado cos seus datos persoais (nome, apelidos, teléfono, DNI).

Prazo

O prazo de presentación dos relatos remata o 4 de decembro.

Premios

1º premio: lote de libros

2º premio: lote de libros

3º premio: lote de libros

Resolución e entrega dos premios

A resolución do xurado farase pública o venres 13 de decembro ás 13.00 h. no salón de actos da Biblioteca e comunicarse persoalmente aos premiados por medio do correo electrónico e/ou teléfono. No momento da entrega dos lotes solicitarase aos galardoados o seu permiso para facerlles unha fotografía que se publicará no Facebook da Biblioteca.